

ACORDO do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto de explotación, estudo de impacto e integración paisaxística mineira, estudo de impacto ambiental e plan de restauración da solicitude de ampliación de superficie da concesión de explotación Montesalgueiro núm. 7093, situada no concello de Aranga (A Coruña), promovida por MYHNOR MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE,S.L.

Aos efectos previstos no artigo 36 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación de impacto ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), no artigo 6 do Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras (BOE núm. 143, do 13 de xuño) e no artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de ordenación da minaría de Galicia (DOG núm. 109, do 6 de xuño), tendo en conta os artigos 27 e 32 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro), este departamento territorial ACORDA:

Someter ao trámite de información pública, durante un prazo de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do presente acordo no *Diario Oficial de Galicia*, o proxecto de explotación, estudo de impacto e integración paisaxística mineira, estudo de impacto ambiental e plan de restauración da solicitude de ampliación de superficie da concesión de explotación Montesalgueiro núm. 7093, situada no concello de Aranga, provincia da Coruña, promovida pola sociedade MYHNOR MORTEROS Y HORMIGONES DEL NOROESTE,S.L.





Durante o prazo indicado, aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas polo citado proxecto, poderán examinar o expediente na Sección de Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña, Edificio Administrativo Monelos, 2ª planta, rúa Vicente Ferrer núm 2, 15071 A Coruña, de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, con cita previa no correo electrónico [seccion.minas.coruna@xunta.gal](mailto:seccion.minas.coruna@xunta.gal) ou no teléfono 981 184 913, así como no portal da dita consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>

As posibles alegacións formularanse por escrito ante este órgano administrativo, presentándoas en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,  
Isidoro Martínez Arca  
Xefe territorial da Coruña.

